



DEPORTE
GALEGO

CAMPIONATO AUTONÓMICO SALMÓNIDOS LANCE COUTO DE RIBEIRA DE PIQUÍN, RIO EO 8 E 9 DE XUÑO DO 2024

PROGRAMA (Para ámbolos días)

07:30 horas		Chegada dos participantes ao escenario da proba. Sorteo de dorsais e entrega de documentación
08:30	“	Inicio da 1ª manga
10:30	“	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
11:15	“	Inicio segunda fase
13:15	“	Fin da 1ª manga.

PAUSA

15:00	“	Inicio da 2ª manga
17:00	“	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
17:45	“	Inicio segunda fase
19:45	“	Fin da competición
20:00 a 20:15		Entrega de plicas

Publicación da clasificación. O segundo día haberá entrega de trofeos e proclamación dos deportistas ascendidos ao selectivo 2023.

BASES

O deportista só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de repostos.

Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ao control, deberá facer uso dun redello ou trueiro, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 122 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.

A adxudicación dos tramos farase por sorteo, feito en tempo e forma, para garantir a chegada a tempo, para o inicio da proba, de tódolos deportistas aos seus respectivos tramos. Os postos marcaranse no sentido da corrente (augas abaixo).



DEPORTE
GALEGO

A reunión do Pescador co Control farase xunto á táboa que sinale o inicio do tramo, augas abaixo.

Material permitido:

Canas: De uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).

Carretes: De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria.

Sedelas: Exclusivamente de monofiamiento nos seus diferentes tipos e grosos.

Cebos: Culleriñas e moscas artificiais.

Culleriñas: xiratorias ou ondulantes simples en calquera das súas variantes e cun só anzol, pero sen plumas, pelos, la, etc.

Moscas: un máximo de tres moscas artificiais co uso da boia ou buldó (fitos na sedela ou baixo de liña). A distancia entre elas é discrecional. Poderán ser secas, afofas ou lastradas. As lastradas, sempre e cando o lastre quede oculto polo revestimento, que debe imitar algunha parte morfolóxica, ou formar parte da súa propia estrutura. O revestimento por pintura non se considera como tal. Poderán ter unha única perla ou boliña visible no anzol. A dimensión máxima desa perla ou boliña non pode exceder dos 4 mm.

Anzois: tanto das moscas como das culleriñas deberán estar desprovistos de arponciño ou semellante, ou ben telo totalmente inutilizado, de xeito que non fagan resistencia algunha á retirada do anzol.

Non se permite:

- Utilizar boias ou buldos corredizos sobre a sedela ou baixo de liña. Terán que estar anoados á mesma sen posibilidade algunha de deslizarse.

Ao longo da proba, calquera control pode pedir o exame dos aparellos de pesca dun pescador.

Serán válidas tódalas capturas. As pezas que medidas dende a punta do fociño ata a punta do rabo teñan 16 ou menos centímetros, contarán todas coma de 16. As capturas que midan máis de 16 cm e non superen os 17 computarán coma de 17 cm. Os exemplares que superen os 17 cm, sen ter máis de 18, puntuarán coma de 18. E así sucesivamente.

O deportista que non se presente, ou abandone a proba ou a acción de pesca, antes da hora oficial, perderá o seu dereito á clasificación e a continuar na proba.

Para calquera outra norma non descrita nestas bases aterémonos ao



DEPORTE
GALEGO

regulamento da FEPYC.

Data linde da inscrición o 31 de maio do 2024 ás 14,00 horas. As inscricións cómpre que os clubs as fagan exclusivamente ao correo delegadolugo@fgpesca.org

Os deportistas convocados para esta competición son os que figuran na relación do ANEXO I.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Os deportistas participantes, e os clubs polos que compitan, deberán estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.

Na última manga do 2º día tanto o deportista que pesque un tramo coma o deportista que o controle, serán responsables de recoller cintas e indicador do tramo. O que pesque ou controle o tramo un, serán responsables da retirada das cintas e indicadores de fin de tramos. Os que pesquen ou controlen o dous retirarán o un. Os que pesquen ou controlen o tres retirarán o dous. E así sucesivamente ata o último tramo, que deberán retirar cintas e indicador do seu tramo e do tramo superior. O material recollido debe ser entregado á organización xunto coas plicas. A quen incumpra esta obriga poráselle un cero nesa manga, tanto ao pescador coma ao control.

Os seis primeiros deportistas clasificados ascenderán ao vindeiro campionato selectivo da especialidade. No caso de que algún deses seis postos o ocupase un deportista que xa fai parte do selectivo, correrase a clasificación tantos postos coma deportistas do selectivo ocupen esas prazas.

O campión autonómico obterá praza directa na selección galega que represente a Galicia no campionato nacional da especialidade 2025.

Os deportistas terán un prazo de 30 minutos, a contar dende o remate da quenda de pesca, para enviar foto da plica ao número de teléfono que se lles indicará no momento do sorteo. Esgotado ese prazo sen recibir novas da plica, nesa quenda o deportista interesado puntuará cero.

No tempo que os deportistas estean pescando ou controlando, non poderá acceder aos tramos ningunha outra persoa, teña ou non relación con eles, agás o xuíz e os membros da organización. Se algún dos dous (deportista ou control) se decatase da presenza de terceiras persoas no tramo de pesca, deberán facelo constar na plica como incidencia. De non facelo así e a organización ter probas fidedignas de que houbo outras persoas no tramo mentres se desenvolvía a manga, quedarán fóra da clasificación desa proba



tanto o deportista coma o control. Queda terminantemente prohibido compartir fotos das plicas polo grupo oficial da competición.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen solicitude previa de autorización.

Asinado: D. Juan Ramiro Agra Requeijo
Presidente do Comité de Salmónidos da FGPeC



DEPORTE
GALEGO

ANEXO I

DESCENDIDOS DO SELECTIVO 2023

- Bruno Barrio Nieves (Río Deza)
- José Touceda Faraldo (Rio Mandeo)
- Alberto Salgado Eireos (CP Monforte)
- José Luís González Pérez (CP Monforte)
- Javier Calvo Escuredo (SP Valdeorras)
- Iván Servide Somoza (Río Ulla)

CLASIFICADOS PROVINCIAIS 2024

- José Santiago Tarrío Tutor (ADN Ribadavia)
- Gabriel Fernández Vázquez (ADN Ribadavia)
- Gonzalo Lage Silva (ADN Ribadavia)
- Maikel Conde Martínez (Club O Peixe)
- Samuel Leiros Comesaña (Meca Bass)
- Rubén Vieitez Gómez (Meca Bass)
- Lázaro Benítez Mouriño (Citroen)
- Manuel Alfonso Fontán (Pesca Cíes)
- Iván Ramos Cabana (Pescadores Ulloa)
- David Criado Taboada (Pescadores Ulloa)
- David Delfín Rodríguez Iglesias (CP Monforte)
- Jaime Salgado Figueiras (CP Monforte)
- Jesús López Seijas (Río Neira)
- Eder Méndez Martínez (Pescadores Ulloa)
- David Mosquera López (Pescadores Ulloa)
- Antonio Martínez Méndez (Azor Ames)
- Carlos Ferreiro Rey (Sta Comba/Xallas)
- Manuel Rey Rodríguez (Sta Comba/Xallas)
- Martín Villar Núñez (SCP Coristanco)
- Marcos Quintáns Míguez (W Latorre)
- Diego Angueira Rial (Londra)
- José Del Río Somoza (Londra)
- José Carlos Yañez Flores (Venatoria As Pontes)
- Camilo González Suárez (Londra)